

Resolución Reitoral do 20 de xullo de 2021 pola que se publican as listaxes definitivas do alumnado do campus de Ourense que ten concedida unha bolsa complementaria da Deputación de Ourense, concesión directa de bolsa o alumnado que teña adxudicada unha praza ERASMUS + Estudos no curso 2021-2022

Publicada a Resolución Reitoral de 20 de xullo de 2021 de concesión directa de bolsa da Deputación de Ourense a alumnado do Campus de Ourense que ten adxudicada unha bolsa ERASMUS+ Estudos no curso 2021-22 e transcorrido o prazo establecido na dita resolución para presentar alegacións,

Esta Reitoría resolve

- Publicar a listaxe definitiva de seleccionados/as. Anexo I
- Publicar a listaxe definitiva de agarda por orde de media de expediente. Anexo II

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar por escrito a bolsa, asinando o modelo que estará no portal de bolsas xunto con esta resolución, a través da sede electrónica, no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de concesión. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á bolsa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR
Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)
DOG 04/06/2020
A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización
e Cooperación
Esta resolución está asinada dixitalmente por

María Isabel Doval Ruiz